

ALBERTO PENSADO SEIJAS, en calidade de Secretario Accidental do Concello de Marín,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na súa sesión celebrada o día 11 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Aprobación do expediente para a licitación, mediante poxa e licitación electrónica, da Concesión administrativa por un prazo de cinco anos dos postos vacantes nos mercados de Marín e de Seixo. (Expte. 2023 SE068-004).

ANTECEDENTES

Primeiro. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de novembro de 2022, con expediente 2021/SE068-004, aprobouse o expediente para a licitación, mediante poxa e licitación electrónica, da concesión administrativa por un prazo de trinta anos de varios postos vacantes nos mercados de Marín e de Seixo.

Segundo. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de marzo de 2023, declarouse deserta a licitación respecto do Lote 8, correspondente ó Posto 1316, na praza de abastos de Marín, debido a que a licitadora retirou a súa oferta e non existindo máis licitadores respecto deste lote.

Terceiro. En data 6 de marzo de 2023, a adxudicataria do local número 1324 do anexo norte da Praza de abastos de Marín, presentou solicitude de permuta de dito local polo sinalado co número 1316.

Cuarto. Pola Sra. Alcaldesa do Concello de Marín, con data 9 de novembro de 2023, incóase expediente para a concesión administrativa do uso privativo dos postos e bancadas vacantes da Praza de Abastos de Marín e do Mercado de Seixo, bens de dominio público municipal, con destino á venda de produtos alimentarios.

Quinto. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de decembro de 2023, aprobouse o expediente para a licitación, mediante poxa e licitación electrónica, da Concesión administrativa por un prazo de trinta anos dos postos vacantes nos mercados de Marín e Seixo seguintes:

- Praza de Abastos de Marín: 1012, 1144, 1224 e 1316.
- Mercado de Seixo: Posto 1, Posto 2, Posto 6 e Posto 8.

Sexto. En data 6 de febreiro de 2024 (corrección de erros de data 7 de febreiro de 2024), mediante Resolución de Alcaldía, accedeuse á solicitude da titular do local

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800132D1400X3Y2T6W0N8C5 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2024SE001-046
	ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/04/2024 12:23:37	Fecha: 04/04/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



número 1324, de permuta polo posto 1316, pasando a declararse deserto o local con número 1324.

Sétimo. En data 25/03/2024 ditouse Providencia de Alcaldía, dispoñendo o inicio da tramitación para a modificación do expediente para a licitación, mediante poxa e licitación electrónica, da Concesión administrativa dos postos vacantes nos mercados de Marín e Seixo.

Oitavo. Incorporouse ó expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que ha de rexer a adxudicación dos postos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizos de mercado
- Regulamento dos mercados municipais de abastos
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

Sobre a lexislación aplicable ás concesións administrativas, e aos contratos patrimoniais, compre advertir da exclusión que o art. 9.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, efectúa do seu eido de aplicación, e das dificultades para chegar a determinar o seu réxime xurídico, especialmente as normas que han de seguirse nas súas adxudicacións, ante as lagoas da lexislación patrimonial, lexislación que, por outra banda, remitía á propia contractual (art. 78,2 RBEL). A este respecto cabe citar o Informe 25/08 da JCCA, o Ditame 481/2008 do Concello Xurídico Consultivo valenciano, e o Informe 4/2009 da JCCA aragonesa.

Segundo a doutrina indicada, o réxime xurídico aplicable ás concesións administrativas é o seguinte:

- En primeiro lugar, os preceptos de aplicación plena ou básica (segundo a súa Disposición final 2ª) da Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- A continuación, os artigos do RD 1373/2009, que desenvolve a anterior, que teñan o mesmo carácter segundo a súa D.F. única.
- No mesmo plano, xa que non trata de iguais materiais, a D.Ad 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que atinxe ao réxime de competencias.
- Na medida en que non se opoña ás normas precedentes, a lexislación local básica: Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e preceptos que

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800132D1400X3Y2T6W0N8C5 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/04/2024 12:23:37</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-046 Fecha: 04/04/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



teñan tal carácter do Texto Refundido do Réxime Local, aprobado por RD Lex. 781/1986 (TRRL), segundo a súa DF 7ª.

- Tamén resulta de aplicación, nos termos previstos no artigo 149.1.18 da Constitución Española, a lexislación autonómica: Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia (LALGA), sen que poda predicarse tal efecto da Lei 5/2011 do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, que no seu art. 1.3 d) e DA 2ª so declara de aplicación ás Entidades Locais os seu art. 17, 25 e 29, non relativos nin ás concesións, nin aos contratos patrimoniais.

- O RD 1372/1986, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

- Suplementariamente, os principios da LCSP, que de feito coincidan en gran parte cos propios da lexislación patrimonial (concorrenza, obxectividade, transparencia, non discriminación e igualdade de trato aos licitadores, eficacia e rendibilidade ou selección da oferta máis vantaxosa economicamente).

- Finalmente, os Regulamentos ou Ordenanzas locais, que mesmo poden prevalecer fronte o anterior apartado de responder aos principios apuntados.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Natureza xurídica do título habilitante.

Os pregos de cláusulas que son obxecto do presente informe, definen o título habilitante para a cesión de uso dos postos de mercado como unha concesión demanial. Enténdese adecuada esta conceptualización, partindo da súa regulación legal (arts. 86 da LPAP e 78 do RBEL), sen que implique, a explotación de cada posto en concreto, a prestación dun servizo público, servizo que, en todo caso, habería de predicarse da xestión do propio mercado de abastos no seu conxunto.

A natureza das concesións administrativas difire, segundo da doutrina, entre aqueles que lle dan carácter contractual, a consideran como un negocio xurídico administrativo, ou un mero acto de autorización que se somete a diferentes condicións. Partindo da regulación positiva actual, semella como a máis consistente a súa conceptualización como un título administrativo, acto que orixina un dereito real, a explotación dun ben de dominio público de acordo coas condicións establecidas no seu outorgamento.

Segundo.- Elementos principais da concesión.

Respecto ao elemento subxectivo, ante a ausencia de mención na normativa sinalada, mesmo na contractual administrativa, a capacidade de obrar será a propia do Dereito Común, debendo acreditarse polos licitadores.

Por aplicación dos principios comunitarios admítense a participación das persoas de países membros da UE; e no que atinxe ás restantes estranxeiras, os pregos remítense ao principio de reciprocidade.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800132D1400X3Y2T6W0N8C5 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/04/2024 12:23:37</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-046 Fecha: 04/04/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



Na plasmación e acreditación destes extremos recórrase á regulación da LCSP, como se apuntou.

En canto á esixencia de solvencia a JCCA, no seu informe 25/02, a entende esixible nos contratos patrimoniais, se ben, o art. 85 do RD1373/2009, respecto do Estado, non a prevé.

Entendemos que en cada caso haberá de analizarse o fin da concesión, o uso previsto dos bens, e os requisitos que, en consecuencia, poderían esixirse. Nos pregos actuais, esíxese esta solvencia, esixencia que parte da remisión que efectúa á lexislación contractual, como se sinalou.

Respecto da imposibilidade para ser concesionario daqueles incursos en prohibicións para contratar, que a JCCA do Estado entende obrigada, inclúese vía pregos, co fin de solventar a discrepancia.

O **obxecto** determínase na cláusula 1 dos pregos. Consistindo na concesión demanial para o uso privativo dos postos e bancadas vacantes na Praza de Abastos de Marín e no Mercado Municipal de Seixo.

Os **aspectos económicos** trátanse na cláusula 4 dos pregos. Ha de resaltarse a diferente natureza do canon da concesión pola ocupación do demanio (Así o cualifica o art. 93.4 LPAP ou o 80.7º RBEL) e a taxa pola prestación dos servizos propios do mercado, da que se deriva a diferenza dos feitos impositivos e, polo tanto, a inexistencia de dobre tributación.

Segundo o art. 93.4 LPAP, as concesións de uso privativo ou aproveitamento especial do dominio público poderán ser gratuítas, outorgarse con contraprestación ou condición, ou estar suxeitas á taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens de dominio público. O aproveitamento que supón a concesión de uso privativo, constitúe un auténtico dereito real, inscribible no Rexistro da Propiedade; e recae tamén sobre as obras, construcións e instalacións fixas que houbera construído para o exercicio da actividade autorizada arts. 97 e 98 LPAP.

O art. 80 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB), aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, determina que en toda concesión sobre bens de dominio público fixaranse as cláusulas con arranxo ás cales se outorgare; e, entre elas, debería figurar o canon que houbese de satisfacer á entidade local, que terá o carácter de taxa. De acordo ao art. 84 RB, a valoración dos bens realizarase como se se tratara de bens de propiedade privada.

Pola súa parte, a Sentenza do TSJ Castilla-La Mancha de 18 de xaneiro de 2010, no seu FX 4º, manifesta que:

«...Non é certo o que se afirma pola apelante, que non exista norma específica reguladora para determinar o tan repetido canon, porque existe e é moi clara: o art. 93, apartado 4º da Lei 33/2003, de 3 de novembro, precepto de carácter básico que establece o seguinte no seu paragrafo primeiro:

«As concesións de uso privativo ou aproveitamento especial do dominio público poderán ser gratuítas, outorgarse con contraprestación ou condición ou estar suxeitas á taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800132D1400X3Y2T6W0N8C5 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/04/2024 12:23:37</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-046 Fecha: 04/04/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---

CSV: 07E800132D1400X3Y2T6W0N8C5



dominio público estatal regulada no capítulo VIII do título I da Lei 25/1998, de 13 de xullo, de Modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais de Carácter Público, ou as taxas previstas nas súas normas especiais»

A Lei 25/1998, de 13 de xullo, modificou (art. 66) a Lei Reguladora das Facendas Locais, entre outros preceptos no atinente ao réxime xurídico das taxas quedando (xa na data de adopción do acordo impugnado), recollida tal modificación no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por R.D.Legislativo 2/2004, de 9 de marzo, e, en concreto, do importe das taxas poa utilización privativa do dominio público local ocupase o seu artigo 24, precepto que debeu haber aplicado o Concello.»

Sinalar non obstante que na ocupación de bens de dominio público se se satisfai un importe á Administración, este ten natureza de taxa, independentemente do nome que se utilice (canon, tarifa, etc.), debendo por tanto adoptar o acordo de imposición, aprobación da ordenanza fiscal, non obstante o artigo art. 20.1.a do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TR LRHL), aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo que regula as taxas, ten unha particularidade no artigo 24, no que se indica que, con carácter xeral, debe tomarse como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización ou o aproveitamento que se faga do ben; se ben, cando se utilicen procedementos de licitación pública, o seu importe virá determinado polo valor da proposición sobre a que recaia a concesión.

E o cálculo dese canon será por tanto a partir do “valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público”. É dicir, a utilidade derivada de dita utilización se os bens de que se trata non foran de dominio público, polo que debe terse en conta a superficie que é obxecto de ocupación privativa pola concesión e que será obxecto de aproveitamento polo concesionario segundo o uso a realizar, e o prazo de duración a que se estenderá a concesión.

A lei de facendas locais non establece un porcentaxe que, aplicado á valoración do dominio público, constitúa o canon anual a aboar por parte do concesionario.

Por elo hai que acudir ao artigo 64 da Lei de taxas 25/1988; nos casos de utilización privativa de bens do dominio público, a base da taxa será o valor do terreo e, no seu caso, das instalacións ocupadas tomando como referencia o valor de mercado dos terreos contiguos ou a utilidade derivada dos bens ocupados.

Sobre a base da taxa así calculada aplicarase o 5 por 100, que será o canon anual.

Terceiro.- Licitación. Adxudicación

Pártese do principio de libre concorrència (arts. 93.1 LPAP -de aplicación básica segundo a súa Disposición Adicional 78.2 RBEL), sen que se estime poda acudir a ningún dos supostos de adxudicación directa do art. 137.4, por remisión do devandito 93.1 da LPAP.

Tal e como se explicou, en ausencia de previsións específicas na lexislación patrimonial, os pregos acoden suplementariamente aos preceptos da lexislación

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800132D1400X3Y2T6W0N8C5 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/04/2024 12:23:37</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-046 Fecha: 04/04/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



contractual administrativa (na medida en que lle pode ser de aplicación ás concesións demaniais) ou mesmo, a normativa patrimonial, non plena ou básica, do Estado.

Certamente, a concesión sométese a unhas condicións e formalízase nun documento público, no que se plasma un acordo de vontades, o que, con outras das súas características, failles ter un innegable parangón contractual. De feito, o art. 4.2 do TRLCSP establece a aplicación dos seus principios.

En todo caso, non se esquece o propósito de simplificación que, respecto desta normativa, a propia dos bens administrativos ha seguir (en tal sentido informe JCCA Aragón 4/2009).

Deste modo:

- Contemplan a obtención de información, co fin de garantir a transparencia, igualdade e liberdade de concorrencia.
- Acúdese, a estes e outros efectos que se recollen nos pregos, á publicación no perfil do contratante, o que se entende adecuado co fin de facilitar precisamente a súa consulta ou localización polos licitadores ou posible interesados.
- Determínase o prazo e o lugar de publicación das licitacións.

Considérase que, tanto nas concesións administrativas como nos contratos sobre bens patrimoniais, non sería de aplicación o art. 326 da LALGA, que esixe a publicación no DOG. E isto partindo de que, respecto das concesións, a LALGA non contempla remisión á lexislación contractual; no que atinxe aos patrimoniais, a remisión é ás leis de contratos das Administracións Públicas (art. 312.2); e que, finalmente, a exclusión que a LCSP fai do seu eido de aplicación dos contratos sobre bens patrimoniais procede da Directiva 2004/18 de 31 de marzo, e que tal podería entenderse a todas as lexislacións contractuais, de tal forma que o referido 326 da LALGA só é aplicable respecto dos contratos administrativos.

Deste modo acúdese ao art. 96.3 da LPAP; aínda que, pese ao dito, por maior seguridade xurídica e, sobre todo, publicidade, mantense a publicación no DOG.

- Non se prevé a posibilidade de constituicións de UTEs, xa que non se trata da realización de prestacións para a Administración.
- A determinación da capacidade e condicións das persoas estranxeiras efectúase, así mesmo, por referencia ao previsto na lexislación contractual.
- Contémplase como único criterio de adxudicación o incremento do canon da concesión, de carácter automático e valoración obxectiva facilmente cuantificable mediante regra de proporcionalidade matemáticas.
- Non se contemplan normas relativas as ofertas desproporcionadas que, neste caso, non terían demasiado sentido, xa que non se trata dunha prestación á Administración, non se prevé o exercicio dunha actividade que puidera definirse como un servizo público "impropio" e a extinción da concesión produciríase por inactividade dos postos.

CSV: 07E800132D1400X3Y2T6W0N8C5

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800132D1400X3Y2T6W0N8C5 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/04/2024 12:23:37</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-046 Fecha: 04/04/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



- Prevese unha Mesa de licitación, de modo similar ao establecido no art. 86 do RD 1373/2009, e articúlase, enténdese, axeitadamente a apertura e cualificación da documentación xeral e das ofertas. Neste sentido pártese da regulación contida nos arts. 86 e 87 do referido RD 1373/2009, completada coa normativa contractual, na medida en que sexa aplicable.
- Esíxese a constitución dunha garantía por parte dos adxudicatarios, de conformidade cos artigos 87 e 90 do RBEL.
- Establecese na cláusula 17 a posibilidade de desistencia, ou declaración de deserto do procedemento, esixíndose a súa motivación e en base a razón similares ás previstas no art. 152 da LCSP e mesmo 87 do RD 1373/2009.
- Prevese a formalización da concesión en documento administrativo, tal e como establece o art. 93.2 da LPAP, art. De carácter básico. Pártese, adaptado, do art. 71 do RD 1098/2001, remisión que entendemos posible segundo o reiterado nestes pregos (así o facía, de feito, o art. 90.4 do RBEL).

Cuarto.- Réxime da concesión, execución e extinción

Establécese un prazo máximo de 5 anos, o cal está recollido no máximo de 30 anos que dispón o art. 6º do Regulamento de Mercados Municipais e, por suposto, sitúase por debaixo do precisado (75 anos) no art. 93.3 da LPAP, básico.

Os dereitos, prohibicións e obrigas dos concesionarios, o réxime das obras e instalacións que puidesen efectuar, as obrigas e potestades municipais, transmisións e hipoteca, extinción..., contéplase polo pregos por remisión, fundamentalmente, á normativa xeral sobre o patrimonio das Administracións Públicas e, especialmente, ao Regulamento dos Mercados municipais de Abastos.

Os pregos recollen expresamente as **potestades** de interpretación unilateral, modificación e resolución que a lexislación contractual administrativa prevé para os contratos públicos. Enténdese posible esta previsión, partindo do carácter público que a concesión supón e, especialmente, de que mesmo se sostén no que atinxe aos contratos privados (informe JCCA Xeneralidade de Cataluña 14/2009).

No que atinxe ao **réxime sancionador** os pregos de cláusulas remítese ás infraccións recollidas no Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos. Ditas infraccións consideraranse como supostos que fundamentarían a imposición de multas polo incumprimento das condicións da concesión, ao encontrarse directamente vinculadas co réxime do seu exercicio e non seren aplicables aos usuarios.

Quinto.- Órgano competente.

De acordo co previsto na Disp. Adic 2ª da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017 de 8 de novembro (LCSP), que sinala que corresponde ao Alcalde a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles cando o seu presuposto base de licitación non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros, correspondendo ao Pleno cando se exceda de dita contía. Debemos poñelo en relación co disposto no artigo 47.2.j) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800132D1400X3Y2T6W0N8C5 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/04/2024 12:23:37</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-046 Fecha: 04/04/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



Réxime Local, no que se determina que será competencia do pleno do Concello as concesións de bens por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por cento dos recursos ordinarios do orzamento. Neste suposto a contía da concesión tendo en conta o importe mínimo do canon de tódolos postos durante o prazo de duración da concesión é de 11.610,91 €, polo que neste suposto dita competencia corresponde á Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada pola Alcaldía -a quen corresponde a competencia orixinaria- a través da Resolución do 19 de xuño de 2019 (BOPPO Núm. 127 do 4 de xullo).

CONCLUSIÓN

Estímase que o contido do prego de cláusulas económico administrativas axústase ás previsións mínimas do art. 80 e ss. do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Así mesmo, e partindo da normativa aplicable, sexa directamente ou por remisión aos principios ou aquela supletoria segundo se xustificou, enténdese que as cláusulas se encontran debidamente fundamentadas.

Consta no expediente informe favorable do servizo de Intervención de data 11/04/2024.

Unha vez completado o expediente, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas por Resolución de Alcaldía, de data 20/06/2023, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

Primeiro. Retrotraer as actuacións practicadas neste expediente de contratación á fase anterior ó acordo de aprobación, incorporando as correccións no Prego de cláusulas económico-administrativas que han de rexer a contratación.

Segundo. Aprobar o expediente para a licitación, mediante poxa e licitación electrónica, da Concesión administrativa por un prazo de cinco anos dos postos vacantes nos mercados de Marín e de Seixo, coas características e valoracións do dominio público ocupado que se detallan a continuación:

Posto	Superficie	Destino	Canon anual mínimo	Canon total concesión
MERCADO DE SEIXO				
1/2020	17,45 m2	Carnicería, chacinería, conxelados, pan, derivados de fariña, leite e os seus derivados, froita, verdura e demais produtos alimenticios, agás peixe fresco.	432,97 €	2.164,87 €
2/2008	17,50 m2	Carnicería, chacinería, conxelados, pan, derivados de fariña, leite e os seus derivados, froita, verdura e demais produtos alimenticios, agás peixe fresco.	434,21 €	2.171,07 €
6/2024	3,12 m2	Peixe fresco	77,41 €	387,07 €

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800132D1400X3Y2T6W0N8C5 en <https://sede.concellodemarin.es>

FIRMANTE - FECHA

ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/04/2024
 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/04/2024
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/04/2024 12:23:37

EXPEDIENTE : 2024SE001-046
 Fecha: 04/04/2024
 Hora: 00:00
 Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E800132D1400X3Y2T6W0N8C5



8 / 2032	3,12 m2	Peixe fresco	77,41 €	387,07 €
MERCADO DE MARÍN				
1012	22,50 m2	Carnicería, chacinería, conxelados, pan, derivados de fariña, leite e os seus derivados, froita, verdura e demais produtos alimenticios, agás peixe fresco.	744,37 €	3.721,87 €
1144	3,00 m2	Peixe fresco	99,25 €	496,25 €
1224	3,30 m2	Peixe fresco	109,17 €	545,87 €
1324	10,50 m2	Actividade comercial de diversa índole e actividades relacionadas coa hostalería.	347,37 €	1.736,86 €

Terceiro. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que ha de rexer a concesión, mediante poxa e licitación electrónica da presente concesión demanial.

Cuarto. Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante do Concello de Marín, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para que, no prazo de trinta (30) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación, se presenten as proposicións que se estimen pertinentes (art.159.3 LCSP).

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse obrigatoriamente de forma electrónica a través da Plataforma de contratación do Sector Público, no enderezo: <https://www.contrataciondelestado.es>, en dous sobres ou arquivos electrónicos coa documentación e requisitos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

E para que así conste, coa salvedade a que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expídese a presente certificación, por orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa-presidenta, en Marín, na data que figura ó pé deste documento, que é asinado dixitalmente.

Vº e prace,
A ALCALDESA

María Ramallo Vázquez

CSV: 07E800132D1400X3Y2T6W0N8C5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800132D1400X3Y2T6W0N8C5 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2024SE001-046
	ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 12/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/04/2024 12:23:37	Fecha: 04/04/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

